



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA QUINCE DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

AUSENTES:

D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. FÁTIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:00 do día 15 de xullo de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, ten lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- EXPTE. 1067/2016 .- APROBACIÓN DE PROYECTO DE OBRAS “PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS IRMÁNS VILAR PONTE TRAMO LUIS TRELLES E PLAZA JUAN DONAPETRY”.

Visto o Proxecto da obras “Pavimentación e Servizos Irmáns Vilar Ponte tramo Luis Trelles e Plaza Juan Donapetry”, redactado polo arquitecto de obras municipal en xuño de 2016, cun orzamento de 96.000,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o Proxecto da obra, “Pavimentación e Servizos Irmáns Vilar Ponte tramo Luis Trelles e Plaza Juan Donapetry”.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

2.- EXPTE. 1091/2016 .- MARTINEZ GARCIA JOSE, , SOLICITUD DE NÚMERO DE GOBERNO DE VIVENDA DE NOVA CONSTRUCCIÓN.

Visto o escrito presentado por D. José Martínez García, con DNI 45.042.540-F, veciño de Viveiro e con domicilio no lugar de Penaxunta, parroquia de Landrove, no que solicita a asignación de número para a vivenda de nova construción, situada no lugar de Penaxunta, da parroquia de Landrove, en Viveiro.

Visto o informe emitido polo Negociado de Estatística, no que se fai constar que, segundo o libro de numeración existente, o último número asignado é o 3, polo que lle correspondería Penaxunta, nº 4-Landrove.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á vivenda propiedade de D. José Martínez García, a seguinte numeración de goberno:

PENAXUNTA, Nº 4 - LANDROVE

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estadística para a súa notificación ó interesado.

3.- EXPTE. 1160/2016.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRAS REPOSICIÓN DE URBANIZACIÓN E MELLORA DA RÚA GRANDE DE CELEIRO, VIVEIRO - LUGO.

Visto o Proxecto da obras “Reposición de urbanización e mellora da rúa Grande de Celeiro, Viveiro-Lugo”, redactado polo arquitecto de obras municipal en xuño de 2016, cun orzamento de 351.130,55 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o Proxecto da obra, “Reposición de urbanización e mellora da rúa Grande de Celeiro, Viveiro-Lugo”.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o seu coñecemento e efectos.

4.- EXPTE. 1177/2016 .- LICENZA URBANISTICA EXPTE AUPAC 111_2016 A Parrela 8 Covas.- FUENTES PENA BENEDICTO.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Benedicto Fuentes Pena, con DNI 76.536.257-P, e domicilio a efectos de notificación en Granxas, 8, en Viveiro, para a substitución da cuberta na vivenda unifamiliar existente en A Parrela, nº 8, Covas-Viveiro, de referencia catastral 2260508PJ1326S0002GM.

Coa solicitude achégase proxecto básico e de execución asinado polo

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

arquitecto, D. Francisco Jose Hermida Trastoy visado polo COAG en data 5 de abril de 2016 co número 1601827 e oficio de encomenda da dirección de obra a favor do mesmo técnico.

No expediente resulta acreditado o pagamento dos tributos municipais en conceptos de ICIO e taxas de licenza urbanística e expedición de documentos.

Visto que obra no expediente o preceptivo informe técnico de conformidade das actuacións solicitadas coa legalidade urbanística, asinado polo arquitecto municipal o 5 de xullo de 2016. As concretas actuacións a executar, segundo o informe técnico, consisten na substitución de cuberta na vivenda existente, conservando os aleiros de formigón e sen que se produzan variacións en altura de cornixa, superficie construída ou volume; as actuacións descritas adecúanse á ordenanza de aplicación (a regulada no punto num. 2 - solo urbano non consolidado - do anexo do decreto 102/2006, do 22 de xuño, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño).

O orzamento declarado (14.240,33 euros) resulta conforme, segundo o técnico municipal, sen prexuízo das posibles variacións que se poideran producir durante a execución das obras que, de ser o caso, darían lugar ás revisións correspondentes.

Visto que por parte do técnico xurídico de urbanismo se emitiu informe xurídico para dar cumprimento ao disposto no artigo 143.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 142.2 da LSG, en relación co artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que están suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo co alexislación sectorial aplicable. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 143 da LSG. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para outorgamento da licenza, non precisando de autorizacións e/ou informes sectorias segundo se desprende do informe técnico ao expediente.

Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño; de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe técnico favorable do arquitecto municipal que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza de solo urbano non consolidado, regulada no punto 2 do anexo do Decreto 102/2006.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro .- Outorgar a D. Benedicto Puentes Pena, licenza municipal para a substitución da cuberta na vivenda unifamiliar existente en A Parrela, nº 8, Covas-Viveiro, de referencia catastral 2260508PJ1326S0002GM, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Francisco Jose Hermida Trastoy visado polo COAG en data 5 de abril de 2016 co número 1601827, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo .- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- O interesado deberá constituir na Tesourería Municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acto de concesión da licenza, unha fianza en garantía dos posibles danos que se ocasionen no espazo público durante a execución das obras, en contía de SEISCENTOS EUROS (600,00).
- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Dar traslado do expediente á Tesourería municipal para os efectos de requirir a constitución da fianza indicada na letra a) do apartado anterior.

Cuarto .- As condicións xerais ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.

1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás

Concello de Viveiro

prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

1.5 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministración dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.

1.6 Os prazos para o inicio e o remate das obras non poderán exceder de seis meses e tres anos, respectivamente, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O Concello poderá concer prórroga dos referidos prazos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado; no caso de que se trade de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

1.7 De ser o caso, antes da ocupación da edificación, o promotor haberá de solicitar e obter no Concello a licenza de primeira ocupación, para o que deberá achegar, sen prexuízo do labor inspector daquel: a) o certificado final de obra e acta de recepción, si se tivera outorgado expresamente ou a acreditación da recepción tácita; b) documento acreditativo do remate das obras de urbanización; c) certificado de illamento acústico expedido por empresa ou entidade homologada pola Consellería competente en materia de medio ambiente; d) Boletín de instalación de ICT asinado pola empresa instaladora, certificado de fin de obra de ICT visado polo colexio que corresponda e selado pola Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións e protocolo de probas, de se-lo caso.

1.8 A concesión desta licenza non autoriza para a instalación de actividades clasificadas nin para a apertura ó público dos locais, que haberán de ser obxecto das correspondentes autorizacións municipais.

1.9 Nas obras de nova edificación e reestruturación xeral, o promotor deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:

- a) O nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execución da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas.
- b) Ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificación.
- c) Data de expedición da licenza e prazo de execución das obras.
- d) Número de plantas autorizadas.
- e) Número de expediente.
- f) Prazo de execución das obras.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados e ó Servizo de Tesourería.

Concello de Viveiro

5.- EXPTE. 1200/2016.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.- INSUA CAO MARIA CONSOLACIÓN.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. María Consolación Insua Cao, con DNI 76.563.687-E, e domicilio en Xunqueira, nº 111, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 80% <150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. María Consolación Insua Cao, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

6.- EXPTE. 1207/2016.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DUN CONTRATO DE OBRAS (MELLORA CAMIÑOS 2014-2015) .- CARFERLO, S.L.

Visto o escrito presentado en data 27 de xullo de 2016 por D. Carlos Fernández López, en representación de CARFERLO S.L., con CIF B27227388, e domicilio a efectos de notificación en Pol. Ind. Camba, parc, 56-57, Xove, mediante o que se manifesta que dita empresa executou as obras de “Reposición de firme en camiños rurais de titularidade municipal (Programa 2014-2015)”, rematando o prazo de garantía das mesmas polo que solicita a devolución da fianza.

Visto o informe emitido polo director da obra “Reposición de firme en camiños rurais de titularidade municipal do Concello de Viveiro-Lugo (Programa 2014-2015)”, D. Santiago Meitín Míguez, no que se sinala que segundo o establecido no artigo 102 do TRLCSP, trascurrido un ano dende a data de remate do contrato, sen que a recepción formal e liquidación tivesen lugar por causas non imputables ó contratista, procederá sen



Concello de Viveiro

máis demora á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades ás que se refire o artigo 100 de dita norma, manifestando que as prestacións obxecto do contrato cumpren as cláusulas e condicións técnicas da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Devolver á empresa Carferlo S.L., a garantía definitiva referente á obra “Reposición de firme en camiños rurais de titularidade municipal do Concello de Viveiro-Lugo (Programa 2014-2015)”.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Tesourería para proceder a levar a efecto o acordado no punto primeiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ós interesados e ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

7.- EXPTE. 864/2016.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DUN CONTRATO DE OBRAS (REORDENACIÓN TRÁFICO) .- CARFERLO, S.L.,

Visto o escrito presentado en data 13 de maio de 2016 por D. Carlos Fernández López, en representación de CARFERLO S.L., con CIF B27227388, e domicilio a efectos de notificación en Pol. Ind. Camba, parc, 56-57, Xove, mediante o que se manifesta que dita empresa executou as obras de “REFORMA E ADAPTACIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PROXIMIDADES DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO PARA REODENACIÓN DO TRÁFICO RODADO Y GARANTÍA DE ACCESIBILIDADE DE VIANDANTES”, rematando o prazo de garantía das mesmas polo que solicita a devolución da finaza.

Visto o informe emitido polo director da obra “REFORMA E ADAPTACIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PROXIMIDADES DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO PARA REODENACIÓN DO TRÁFICO RODADO Y GARANTÍA DE ACCESIBILIDADE DE VIANDANTES”, D. Santiago Meitín Míguez, no que se sinala que segundo o establecido no artigo 102 do TRLCSP, trascurrido un ano dende a data de remate do contrato, sen que a recepción formal e liquidación tivesen lugar por causas non imputables ó contratista, procederase sen máis demora á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades ás que se refire o artigo 100 de dita norma, manifestando que as prestacións obxecto do contrato cumpren as cláusulas e condicións técnicas da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Devolver á empresa Carferlo S.L., a garantía definitiva referente á obra “REFORMA E ADAPTACIÓN DE BEIRARRÚAS NAS PROXIMIDADES DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO PARA REODENACIÓN DO TRÁFICO RODADO Y GARANTÍA DE ACCESIBILIDADE DE VIANDANTES”.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Tesourería

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

para proceder a levar a efecto o acordado no punto primeiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ós interesados e ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

8.- EXPTE. 158/2016 .- LICENZA URBANÍSTICA EXPTE AUPAC URB 278 2015. AMPLIACION REDE GAS NATURAL EN RUA ALONSO PEREZ.- GAS GALICIA SOCIEDAD PARA EL DESARROLLO DEL GAS SA. PROPOSTA DE RECTIFICACION DE ERRO MATERIAL.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 3 de xuño de 2016, adoptou o acordo de concesión da licenza municipal de obras a GAS GALICIA SDG, S.A. para a ampliación da rede de distribución de gas natural nun total de 266 metros lineais na rúa Alonso Pérez, en Viveiro, cúa solicitude foi tramitada co número de expediente URB/278/2015 (GESTIONA expediente 158/2016).

Visto que revisado o acordo de concesión da licenza, advirtíuse pola asinante que, entre as condicións particulares ás que se subordinou a licenza figura a relativa á obriga de constituír unha fianza de 38.500 euros, en garantía da reposición de pavimentos e/ou arranxo de desperfectos que se poidan ocasionar nos viais municipais durante a execución das obras. A mesma contía figura recollida no informe xurídico e proposta de resolución asinado por esta técnico de urbanismo en data 27 de maio de 2016.

Visto que segundo o informe do arquitecto municipal, a contía da fianza é de 8.500 euros, polo que se produciu un erro na transcripción do importe no momento de redactar a proposta de resolución.

De acordo co disposto no artigo 105,2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á rectificación de oficio do erro material contido na letra a) do punto segundo do acordo adoptado o 3 de xuño de 2016 polo que se concedeu licenza municipal de obras a GAS GALICIA SDG, S.A. para a ampliación da rede de distribución de gas natural nun total de 266 metros lineais na rúa Alonso Pérez en Viveiro, cúa solicitude foi tramitada co número de expediente URB/278/2015 (GESTIONA expediente 158/2016), substituindo a súa redacción pola que se insire a continuación:

“a) A mercantil interesada deberá constituír na Tesourería municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acto de concesión da licenza, unha fianza de OITO MIL CINCOCEUROS (8.500 euros) en garantía da reposición de pavimentos e/ou arranxo de desperfectos que se

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

poidan ocasionar nos viais municipais durante a execución das obras”.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó Departamento de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados e ao Departamento de Tesourería..

9.- EXPTE. 1227/2016.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

Por parte da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucíons feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden coa Resolución Número 649, que figura no ANEXO I da presente Acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

10.- PROPOSTAS DE GASTOS.

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes EXPTE. 1052, EXPTE. 725, EXPTE. 809, EXPTE. 815, EXPTE. 849, EXPTE. 850, EXPTE. 883, EXPTE. 880, EXPTE. 943, EXPTE. 946 que se relacionan no ANEXO II da presente Acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos gastos referidos no Anexo II.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:40 horas do día 15 de xullo de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.